

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Subvencións e axudas

*BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA  
QUE PARTICIPEN EN COMPETICIONES FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL PARA O  
ANO 2020*

#### ANEXO

### **BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPEN EN COMPETICIONES FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL PARA O ANO 2020**

Entre as competencias atribuídas pola lexislación de réxime local ás deputacións atópase a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial. O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso provincial á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local.

#### **Primeira. Obxecto e requisitos**

A través destas bases réxense as subvencións para o apoio a clubs deportivos federados que participen en categoría nacional na temporada 2019-2020 e, no caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, da temporada 2020.

Esta convocatoria é incompatible con outras liñas de subvención da Deputación de Pontevedra (deporte federado de ámbito inferior a nacional, de ámbito náutico e elite) que fagan fronte aos mesmos gastos subvencionados a través desta convocatoria.

Esta convocatoria está destinada a apoiar a participación en ligas e competicións oficiais de ámbito nacional, convocadas por organismos ou federacións deportivas, dos clubs federados que cumpran os seguintes requisitos, segundo a modalidade deportiva:

- Na modalidade de fútbol, competir en 3.<sup>a</sup> División masculina, 1.<sup>a</sup> Nacional feminina ou División de Honra xuvenil masculina
- Na modalidade de fútbol sala, competir en 3.<sup>a</sup> División Nacional masculina, 2.<sup>a</sup> División B masculina ou 2.<sup>a</sup> División feminina
- Na modalidade de ciclismo, participar como mínimo en tres probas puntuables para a clasificación nacional dentro da comunidade autónoma e en tres probas fóra dela nas modalidades de estrada ou BTT e en calquera das categorías júnior, sub-23 ou elite con licenzas e equipos dados de alta como tales na federación galega ou española de ciclismo



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

- Na modalidade de atletismo, competir en 1.ª División
- Na modalidade de bádminton, competir en 1.ª Nacional
- Na modalidade de balonmán, competir en 1.ª Nacional masculina, División de Honra Prata masculina ou feminina
- Na modalidade de tenis de mesa, competir en 1.ª División masculina ou feminina ou en División de Honra masculina ou feminina
- Na modalidade de rugby, competir en División de Honra ou en División de Honra B
- Na modalidade de baloncesto, competir en LEB Prata, en Liga Feminina 2 ou en Liga EBA A
- Na modalidade de voleibol, competir en Superliga 2
- Na modalidade de judo, participar en competicións de ámbito nacional ou internacional como mínimo cun equipo de categoría sénior e realizar desprazamentos fóra da comunidade autónoma de máis de 7.500 km ao longo da temporada
- De maneira xenérica, nas modalidades non recollidas anteriormente, estar competindo no ámbito nacional dentro da modalidade deportiva pertinente, como mínimo cun equipo de categoría sénior, e realizar desprazamentos fóra da comunidade autónoma e dentro do ámbito estatal de máis de 7.500 km ao longo da temporada.

Nestes dous últimos casos os clubs terán que presentar un documento da federación pertinente no que se certifique a categoría nacional e as probas ás que poden asistir (calendario de competición)

(Respecto a estes dous últimos puntos e debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, tanto a previsión coma a xustificación da quilometraxe poderanse ver afectadas. Nas bases oitava e décimo terceira explícase como realízasas).

## Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 20/340.3410.489.20 do Orzamento da Deputación para o ano 2020, por un importe total de setecentos setenta e cinco mil (775.000,00) euros repartidos en base a unha estimación das solicitudes que se van a recibir por cada modalidade. Dita estimación realizouse seguindo as competicións establecidas polas federacións autonómicas e nacionais pertinentes, en función dos requisitos establecidos na base primeira. Así, o reparto farase da seguinte maneira:

- Atletismo: 24.000,00 € para unha estimación mínima de 2 solicitudes
- Bádminton: 13.000,00 € para unha estimación mínima de 2 solicitudes
- Baloncesto: 80.000,00 € para unha estimación mínima de 4 solicitudes
- Balonmán: 217.000,00 € para unha estimación mínima de 12 solicitudes
- Ciclismo: 75.000,00 € para unha estimación mínima de 9 solicitudes
- Fútbol: 155.000,00 € para unha estimación mínima de 12 solicitudes
- Fútbol sala: 33.000,00 € para unha estimación mínima de 8 solicitudes



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

- Rugby: 17.000,00 € para unha estimación mínima de 1 solicitude
- Tenis de mesa: 24.500,00 € para unha estimación mínima de 6 solicitudes
- Voleibol: 17.500,00 € para unha estimación mínima de 1 solicitude
- Judo: 19.000,00 € para unha estimación mínima de 2 solicitudes
- Outras modalidades: 100.000,00 € para unha estimación mínima de 20 solicitudes

Se o número de solicitudes non alcanza o previsto, a comisión de valoración terá a posibilidade de minorar a cantidade da modalidade proporcionalmente.

Se o número de solicitudes supera a estimación feita, a comisión de valoración terá a posibilidade de aumentar a cantidade da modalidade sempre e cando exista remanente doutras modalidades que pasaran polo caso anterior.

### Terceira. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os seguintes gastos:

- Federativos:
  - Licenzas
  - Mutualidades
  - Inscricións
  - Arbitraxes
  - Sanciones
  - Canon
- Materiais: material deportivo funxible que non se considere inventariable
- Asistencia a adestramentos e competicións:
  - Desprazamento
  - Aloxamento
  - Manutención
- Adestramento específico e prevención de lesións
- Alugueiro de instalacións
- Gastos correntes de instalacións propias
  - Luz
  - Auga
  - Gas
- Gastos derivados da contratación do persoal necesario para o funcionamento do club
- Seguros
- Reparacións e mantemento de material e vehículos do club
- Organización de eventos deportivos non subvencionados por outras liñas



- Outros gastos menores como publicidade, farmacia, lavandería, formación, asesoría etc.

Non serán obxecto de subvención os seguintes gastos:

- Eventos deportivos singulares que poidan ser obxecto de subvención a través doutras convocatorias
- Adquisición de bens inventariables
- Gastos derivados das atencións protocolarias ou de viaxes de ocio
- Gastos financeiros
- IVE, cando este sexa deducible
- Outros gastos non incluídos no apartado anterior

#### **Cuarta. Entidades beneficiarias**

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados que, ademais de cumprir os requisitos estipulados na base primeira, cumpran tamén os seguintes:

- Carecer de fins de lucro
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, da Facenda galega, coa Seguridade Social e da Deputación e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación
- A modalidade practicada polos clubs deportivos federados debe ter implantación na provincia de Pontevedra
- Estar inscritos no Rexistro de asociacións deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalguna das prohibicións para percibir subvencións recollida na lei

Non poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos que teñan pendentes de xustificar subvencións concedidas no ano 2019 para o mesmo programa.

#### **Quinta. Presentación de solicitudes**

Cada club poderá presentar unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta. As entidades solicitantes deberán cubrir todos os campos da solicitude, prestándolle especial atención a datos coma os seguintes:

- Modalidade deportiva e nome da competición da máxima categoría
- Obxecto da subvención
- Tipo de temporada: ano natural ou temporada partida e duración desta (meses)
- Sinalar se o club deduce IVE
- Orzamento total, sinalando se se presenta con ou sen IVE
- Detalle do orzamento segundo conceptos e subconceptos



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

En canto o orzamento, este debe ser unha estimación dos gastos subvencionables por esta convocatoria (base terceira), referido á modalidade deportiva correspondente e ao tipo de temporada que teña o club: poderá presentar o orzamento do ano natural 2020 ou ben pola temporada partida 2019-2020, o cal condicionará os gastos que deberá presentar posteriormente na xustificación. Ademais, respecto a este punto o club terá que ter en conta dúas premisas de cara á xustificación:

- Deben presentar unha estimación o máis axustada posible á realidade, xa que terán a obriga de xustificar o 100 % dos gastos presentados no orzamento; no caso contrario aboaráselle soamente a parte proporcional da subvención.
- O orzamento presentarse en conceptos e subconceptos. A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos non poderá superar o 20 % con respecto ao orzamento inicial. De ser así, levarase a cabo a redución pertinente.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de presentar a solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

### **Sexta. Prazo de presentación de solicitudes**

Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Goberno aprobou o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, modificado en parte polo Real decreto 465/2020, de 17 de marzo, no que se determina a suspensión e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público e, por conseguinte, na Deputación de Pontevedra.

Deste xeito, o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de finalización do estado de alarma.

### **Sétima. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

- DNI ou NIE da persoa representante legal do club
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás mencionadas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

### Oitava. Documentación

As entidades solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola federación correspondente na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos no cadro da base décimo primeira destas bases (excepto o orzamento), e na que se certifique que o club compite como mínimo cun equipo de categoría sénior en ámbito nacional obedecendo os requisitos da base primeira, segundo o modelo previsto no anexo II. Excepcionalmente, aqueles clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación correspondente ao ano 2020. No caso de que non se poida presentar o mencionado certificado a persoa representante legal do club deberá achegar unha declaración xurada cos datos reflectidos na base décimo primeira desta convocatoria para competir no referido ano; no momento da xustificación deberá presentar inescusablemente o certificado da federación correspondente.
- Na modalidade de ciclismo os clubs terán que presentar unha declaración na que certifiquen que van participar como mínimo en tres probas puntuables para a clasificación nacional dentro da comunidade autónoma e en tres probas fóra dela en calquera das categorías júnior, sub-23 ou elite. Esta participación terá que facerse con licenzas e equipos dados de alta como tales na federación galega ou española de ciclismo. No momento da xustificación terán que presentar un certificado expedido pola federación que corresponda acreditando a asistencia a ese mínimo de seis probas cos seus equipos dados de alta correctamente.
- No caso de judo e doutras modalidades as entidades solicitantes deberán acreditar, para poder solicitar a subvención, dous documentos:
  - 1) Certificado da federación pertinente que acredite a categoría nacional do club solicitante e o calendario de competición oficial



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

2) Anexo III: declaración por parte do club dos desprazamentos a competicións oficiais federadas fóra da comunidade autónoma cun mínimo de 7.500 km, así como do número de persoas desprazadas.

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, desde a Deputación de Pontevedra enténdese a imposibilidade de asistir a competicións mentres dure o estado de alarma polo que, excepcionalmente durante esta temporada, se o club non alcanzase o mínimo de 7.500 km esixidos na súa previsión, deberá xuntar unha declaración indicando as probas ás que non puido asistir debido ao estado de alarma. A xustificación destes desprazamentos sufrirá modificacións, que se detallan na base décimo terceira.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realice a emenda.

### **Novena. Publicación de actos**

Esta convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Segundo o previsto no artigo 45.1 b) da LPACAP, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúen as relacións provisionais e definitivas de entidades excluídas e admitidas, serán obxecto de publicación, que producirá os efectos dunha notificación, a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

### **Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, de non o facer, se terá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

### **Décimo primeira. Procedemento de concesión e criterios de valoración**

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións os seguintes criterios, detallados no anexo I:



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

<i>Criterios de valoración específicos</i>	<i>Puntuación</i>	<i>Ponderación</i>
Nivel de competición	0-250	25 %
Orzamento de gastos subvencionables	0-400	40 %
Número de licenzas federativas	0-150	15 %
Número do resto de categorías nas que compite o club	0-100	10 %
Fomento do deporte feminino	0-50	5 %
Fomento do deporte de persoas con diversidade funcional	0-50	5 %
Total	0-1000	100 %

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas non poderá, en ningún caso, superar o 100 % do orzamento que presente o club.

A subvención concedida nunca poderá superar o 40 % do orzamento total presentado.

### **Décimo segunda. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo a puntuación dos criterios específicos sinalados na base décimo primeira e explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Unha vez valoradas todas as solicitudes Intervención realizará un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta.

Posteriormente a comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta do xefe do Servizo. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Deportes
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

A concesión das subvencións levarase a cabo a través do procedemento de concorrencia competitiva establecido no artigo 22.1 da LXS.





Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificar a resolución as persoas interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

### **Décimo terceira. Xustificación e pagamento**

Unha vez notificadas as subvencións concedidas as entidades beneficiarias deberán xustificalas da seguinte maneira:

- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2019-2020 xustificarse dentro dos 3 meses seguintes desde o remate desta e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2020
- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2020 (ano natural) xustificarse antes do 31 de marzo de 2021

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

a) Conta xustificativa na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.

b) Orixinais ou copias cotexadas de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade

c) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da subvención outorgada, na que se indiquen exclusivamente as actividades realizadas e os resultados obtidos na temporada subvencionada.

d) Os clubs aos que se lles outorguen subvencións deberán acreditar a difusión do financiamento a través de calquera medio probatorio (prensa, valos, pancartas, vestimenta deportiva, páxina web, fotografías...).

No caso de que a subvención recibida sexa de máis de seis mil (6.000,00) euros deberán acreditar a divulgación do financiamento a través de fotografías nas instalacións e na súa vestimenta, onde se identifique o anagrama actual da Deputación.

No caso de que a subvención recibida sexa de máis de dez mil (10.000,00) euros, as entidades beneficiarias deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra en todas as competicións nas que participen os diferentes equipos do club beneficiado durante a temporada obxecto de subvención, sendo estas actuacións as seguintes:



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

1) Incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra naqueles deportes nos que a súa práctica necesite dun vehículo ou embarcación

2) Incorporar a imaxe corporativa da Deputación na instalación ou lugar onde se leve a cabo a competición do club cando participa como locatario u organizador. Esta debe situarse nun lugar preferente e visible e, para iso, establécense os seguintes criterios:

*Lonas publicitarias:*

- Os clubs que realicen a súa actividade nunha instalación deportiva de forma regular como local deberán colocar nun lugar preferente de cada fondo unha pancarta exclusiva da imaxe corporativa de 5 x 1 metros e dúas pancartas en cada lateral das mesmas características. En todo caso, deberán colocar un panel ou pancarta exclusiva da imaxe corporativa no exterior das instalacións de adestramento ou na sede do club.
- Os clubs que realicen a súa actividade nunha instalación non delimitada deberán garantir a presenza da imaxe corporativa por medio doutros soportes alternativos, nun lugar preferente e visible. En todo caso, deberán colocar un panel ou pancarta exclusiva da imaxe corporativa no exterior das instalacións de adestramento ou na sede do club.

Paneis traseiros para actos do club, como rodas de prensa, presentacións, comunicacións ou entregas de premios: o club deberá incorporar a imaxe corporativa en proporción ao resto de colaboradores, tanto en tamaño como en cantidade.

3) Incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra no espazo dixital do club, tanto en páxina web (báner), como nas redes sociais (cabeceira ou portada do perfil)

4) Incorporar a imaxe corporativa en toda a cartelería do club, tanto de competicións como de actividades que poida desenvolver o club ao longo da temporada e nos carnés de persoas aboadas para esa temporada

Todos os gastos xerados pola produción dos elementos publicitarios anteriormente citados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos os soportes publicitarios mencionados. O prazo para a súa actualización será ata o 31 de decembro de 2020.

Para este último suposto de subvencións superiores aos dez mil (10.000,00) euros, existirá un réxime sancionador cando non se cumpran as medidas anteriormente citadas. O servizo técnico encargado de fiscalizar as xustificacións catalogará as infraccións como graves, medias ou leves e a subvención concedida reducirase proporcionalmente.

e) Os clubs que acheguen unha declaración xurada cos datos reflectidos na base décimo primeira deberán acreditar o certificado da federación correspondente

f) A maiores, na modalidade de ciclismo os clubs deberán presentar un certificado da federación corroborando a declaración de participación entregada coa solicitud, tal e como se solicita na base oitava



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

g) No caso de judo e “outras modalidades” as entidades solicitantes deberán presentar un certificado expedido pola federación correspondente no que se corroboren os desprazamentos presentados coa solicitude mediante o anexo III

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, desde a Deputación de Pontevedra enténdese a imposibilidade de asistir a competicións mentres dure o estado de alarma, polo que, excepcionalmente durante esta temporada, se o club non acadase o mínimo de 7.500 km esixidos, a súa xustificación levarase a cabo da seguinte maneira:

- Se o club xa demostrou a realización da quilometraxe esixida na xustificación da subvención da temporada pasada, terá que achegar xunto co certificado de desprazamentos desta temporada un informe da propia federación no que se detallen as probas ás que non se puido asistir debido ao estado de alarma
- Se o club non recibiu subvención a temporada pasada, tamén terá que demostrar os desprazamentos realizados na dita temporada mediante un segundo certificado federativo segundo o modelo do anexo III (ademais do certificado desta temporada e o informe de probas ás que non puido asistir debido ao estado de alarma, solicitados no anterior punto)
- Se o club solicitante é de nova creación e esta é a primeira temporada que compite, será a comisión de valoración a que estudie o informe do caso e propoña unha decisión ao respecto

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento presentado aboarase a totalidade da subvención concedida
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención
- A desviación no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20 %. De ser así, levarase a cabo a redución pertinente
- Respecto ao punto e), os clubs que presenten a certificación da federación con datos por debaixo dos facilitados na declaración xurada entregada coa solicitude tamén sufrirán a redución proporcional, sempre e cando sigan cumprindo cos requisitos mínimos establecidos por estas bases
- No caso de ciclismo, judo e de “outras modalidades”, se non presentan os certificados de asistencia e desprazamento pertinentes non poderán optar ao cobro da subvención.

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar pagados ás súas e aos seus respectivos e provedores antes da presentación da xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento terá un prazo máximo dun mes a partir da percepción da subvención para efectuar eses pagamentos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comproba que algún dos gastos non foi pagado ou foi pagado fóra de prazo este deixará de ser subvencionable.



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.

No caso de clubs que non teñan contabilidade os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

#### **Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias**

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións

2) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención. O prazo para realizar a actividade subvencionada será, para a temporada 2019-2020, ata o final desta e, no caso da temporada 2020, ata o 31 de decembro de 2020

3) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio desas actuacións

4) Dispoñer dos libros contables, os rexistros dilixenciados e os demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á ou ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos se esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control

5) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) (área de descargas/imaxe corporativa).



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Décimo quinta. Incumplimento**

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, de ser o caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

**Décimo sexta. Devolución e reintegro**

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, previa instrución do procedemento de reintegro, entre outros, polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicarlas aos fins para os que foron concedidas
- Incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

**Décimo sétima. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2020 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

**Décimo oitava. Normativa aplicable**

As subvencións que outorgue a Deputación réxense pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- Artigos non básicos da LXS e normativa básica de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local, estatal e autonómico
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Bases de execución do Orzamento
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación

**Décimo novena. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo de 1 mes, un recurso de reposición perante o órgano que as ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de 2 meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

### **Vixésima. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

### **Vixésimo primeira. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**ANEXO I: PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN****Criterios comúns a todas as modalidades****Número de categorías nas que compite o club (100 puntos)**

Para poder contabilizar a categoría, como mínimo o club terá que ter competindo nela 1 equipo, 4 deportistas no caso de deportes individuais.

Categoría	Puntos
Prebenxamín	15
Benxamín	15
Alevín	15
Infantil	15
Cadete	15
Xuvenil	15
Máis dun equipo sénior (ademais do nacional)	5
Outras categorías	5

**Fomento do deporte feminino (50 puntos)**

Condición	Puntos
Clubs con ata o 40 % de licenzas femininas	10
Clubs con máis do 40 % de licenzas femininas	20
Clubs con máis do 60 % de licenzas femininas	30
Clubs con máis do 80 % de licenzas femininas	40
Clubs co 100 % de licenzas femininas	50



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Clubs que compitan con licenzas de deportistas con diversidade funcional (50 puntos)**

Licenzas con diversidade funcional	Puntos
1	10
2	20
3	30
4	40
5 ou máis	50

**Criterios específicos por modalidade****ATLETISMO****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
1.ª División	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 25.000	100
De 25.000 a 50.000	200
De 50.001 a 100.000	300
Máis de 100.000	400





Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	10
De 51 a 100	30
De 101 a 150	50
De 151 a 200	100
Máis de 200	150

**BÁDMINTON****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
1.ª División Nacional	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 25.000	100
De 25.000 a 75.000	200
De 75.001 a 100.000	300
Máis de 100.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 75	25
De 75 a 125	50
De 126 a 200	100
Máis de 200	150

**BALONCESTO****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
EBA A/B	100
Feminina Liga 2	150
LEB Prata	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 50.000	50
De 50.000 a 100.000	100
De 100.001 a 150.000	200
De 151.000 a 200.000	300
Máis de 200.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 75	25
De 75 a 150	50
De 151 a 225	75
De 226 a 300	100
Máis de 300	150

**BALONMÁN****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
1.ª Nacional masculina	50
División de Honra Prata feminina	100
División de Honra Prata feminina+1.ª Nacional masculina	150
División de Honra Prata masculina	220
División de Honra Prata masculina+1ª Nacional masculina	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 100.000	100
De 100.001 a 160.000	200
De 160.001 a 200.000	300
Máis de 200.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 70	25
De 71 a 130	100
De 131 a 190	75
Máis de 190	150

**CICLISMO****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
Asistencia ao mínimo de 6 probas	50
Asistencia a 10 probas	100
Asistencia a 15 probas	150
Asistencia a 20 probas	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 25.000	100
De 25.001 a 50.000	200
De 50.001 a 65.000	300
Máis de 65.000	400

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: Z8Z66CONV4PVQCM6

Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 20	25
De 21 a 40	50
De 41 a 100	100
Máis de 100	150

**FÚTBOL****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
División de Honra xuvenil	50
2. <sup>a</sup> Nacional feminina	100
3. <sup>a</sup> División	200
3. <sup>a</sup> División + División de Honra xuvenil	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 50.000	100
De 50.001 a 100.000	200
De 100.001 a 150.000	300
Máis de 150.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	25
De 51 a 100	50
De 101 a 200	100
Máis de 200	150

**FÚTBOL SALA****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
3.ª División masculina	150
2.ª División feminina ou masculina	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menores de 30.000	100
De 30.001 a 60.000	200
De 60.001 a 90.000	300
Máis de 90.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	25
De 51 a 100	50
De 101 a 150	100
De 151 a 200	125
Máis de 200	150

**RUGBY****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
División de Honra B	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 30.000	100
De 30.001 a 60.000	200
De 60.001 a 90.000	300
Máis de 90.000	400



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	25
De 51 a 100	50
De 101 a 150	100
De 151 a 200	125
Máis de 200	150

**TENIS DE MESA****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
1.ª División Nacional feminina	50
1.ª División Nacional masculina	100
División de Honra masculina ou feminina	150
División de Honra masculina + División de Honra feminina	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 10.000	100
De 10.001 a 20.000	200
De 20.001 a 30.000	300
Máis de 30.000	400





Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 25	50
De 26 a 50	100
Máis de 50	150

**VOLEIBOL****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
Superliga 2	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 50.000	100
De 50.001 a 100.000	200
De 100.001 a 150.000	300
Máis de 150.000	400

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	50
De 51 a 100	100
Máis de 100	150



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**JUDO****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
Competición nacional	150
Competición nacional e internacional	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 15.000	100
De 15.001 a 30.000	200
De 30.001 a 50.000	300
Máis de 50.000	400

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	10
De 51 a 100	50
De 101 a 150	75
De 151 a 200	100
Máis de 200	150



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

**OUTRAS MODALIDADES****Nivel de competición (250 puntos)**

Nivel de competición	Puntos
Deporte non olímpico	100
Deporte olímpico	250

**Orzamento de gastos subvencionables (400 puntos)**

Orzamento (€)	Puntos
Menor de 15.000	100
De 15.001 a 30.000	200
De 30.001 a 50.000	300
Máis de 50.000	400

**Número de licenzas federativas (150 puntos)**

Número de licenzas	Puntos
De 1 a 50	10
De 51 a 100	50
De 101 a 150	75
De 151 a 200	100
Máis de 200	150

